

Solicitud para participar na Campaña do Tratamento Experimental de Distribución de Cepas Hipovirulentas Ano 2022.

Principais liñas de actuación.

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación forestal da Consellería do Medio Rural, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA), traballa no desenvolvemento do PROGRAMA DE LOITA BIOLÓXICA PARA O CONTROL DO CANCRO DO CASTIÑEIRO provocado polo fungo ascomiceto *Cryphonectria parasitica*.

O Programa de Loita Biolóxica para o Control do Cancro do Castiñeiro conta con dúas liñas principais de actuación:

1. **Inoculacións de cepas hipovirulentas (hv)**; As cepas hv inoculadas nun cancro activo poden producir a cicatrización do mesmo, o virus pode pasar dunha cepa hipovirulenta a outra virulenta grazas á anastomosis hifal, mecanismo polo que un fungo intercambia información con outro co que entra en contacto sempre que sexan compatibles. Unha vez que a hipovirulencia se establece nunha árbore, as esporas hipovirulentas desprázanse a outras árbores. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realizaranse inoculacións segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.

Durante o ano 2021 realizáronse 13.900 inoculacións.

2. **Seguimento de pés inoculados**; có fin de ter unha valoración do tratamento realizado, levarase a cabo un seguimento “de visu” de árbores inoculadas en anos anteriores.

Seleccionáronse 1.000 pés inoculados dende o ano 2011, ano no que se comezou a realizar o tratamento, repartidos por diversos concellos da xeografía galega. Farase un seguimento de “visu” no que se valorará con distintos parámetros a eficacia do tratamento realizado.

E nos pés que se observe que non se está logrando a cicatrización desexada, obterase unha mostra que se remitirá ó laboratorio, para comprobar a compatibilidade das cepas.

Durante o ano 2020 establecéronse 4 parcelas fixas en diferentes localizacións, para iniciar un ensaio completo de inoculación. Esas parcelas compren os seguintes requisitos:

- Pés homoxéneos en idade.
- Que haxa un mesmo número de pés con cancro que sen cancro.
- Que haxa un mesmo número de pés inoculados que sen inocular.
- Pés non anelados.
- Pé con diámetro normal entre 30 e 40 cm.
- Localizacións con tradición na recolección de castaña.

SOLICITUDE PARA FORMAR PARTE DO PROGRAMA DE DISTRIBUCIÓN GRATUITA DE CEPAS HIPOVIRULENTAS.

Na páxina web da Consellería do Medio Rural: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/sanidade-forestal> atópase a solicitude de tratamento, para participar no programa de dispersión das cepas hv, que se pode presentar:

Xefaturas territoriais.


Servizos Provincias de Montes.

Oficinas dos Distritos Forestais.

Oficinas Agrarias Comarcais.

Ou no correo electrónico: sanidadeforestal.cmr@xunta.gal

Plano das cuadrículas de distribución homoxénea de cepas hipovirulentas.




MALLA 16x16
IFN4 CASTIÑEIRO

A semana do 24 o 28 de xaneiro realizaranse inoculacións de cepas hipovirulentas en:

PROVINCIA	CONCELLO	PARROQUIA
LUGO	Ribas de Sil	Torbeo
		San Clodio
		Soutordei
OURENSE	Maceda	Santiso
	O Bolo	O Bolo
	Castrelo do Val	Piornedo
	Oimbra	Videferre
PONTEVEDRA	Cangas	Darbo

Facts & figures:

- No ano 2021 realizáronse 13.900 Inoculacións.
- Dase comezo á campaña de outono-inverno 2021/2022 para inoculacións e seguemento.
- Establécense 4 parcelas de seguemento para realizar un ensaio completo de inoculación.
- O criterio de elección dos pés inoculados está baseado na cuadrícula de distribución homoxénea.
- Dende que se comezou a realizar o tratamento, no ano 2012 fixéronse un total de 149.242 inoculacións.